



ADMISIÓN DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO NO INSTITUTO PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO PARA O CURSO 2021-22

O alumnado que desexe matricularse o vindeiro curso 2021-22 neste Instituto nas ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria (Cursos 1º, 2º, 3º e 4º) e en 1º e 2º de Bacharelato terá en conta as seguintes instrucións:

1.- NORMATIVA APLICABLE

- Decreto 254/2012 do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas e 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (código de procedemento ED550A e ED550B).

2.- QUEN DEBE PRESENTAR A SOLICITUDE DE ADMISIÓN

Os proxenitores do alumnado que desexen iniciar estudos de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO (Educación Secundaria Obrigatoria) e de 1º e 2º de Bacharelato.



3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN ORDINARIA

Presentarase o anexo II, debidamente cuberto, **desde o 1 ó 22 de marzo**. Este prazo de presentación de solicitudes é único. Non hai prazo de presentación en setembro.

Ós efectos de cumprir os trámites do procedemento de admisión e matrícula do alumnado, cando o último día do prazo non sexa lectivo, prorrogarase automaticamente ata o día lectivo inmediato seguinte.

4.- IMPRESOS DE SOLICITUDE

O formulario normalizado Anexo II (ED550B), aprobado pola Orde do 25 de xaneiro de 2017, será facilitado gratuíntamente no noso centro e tamén estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://www.xunta.es/portada>), na aplicación “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/32849>).

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude de admisión **SERÁ ÚNICA** e terá carácter vinculante.

Poderase presentar de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado.

Tamén poderá presentarse de forma electrónica a través da aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>.

A solicitude presentada nun centro educativo poderá anularse mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto a/s presentada/s con anterioridade. A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes (22 de marzo).

Logo do remate do devandito prazo a solicitude será vinculante. A duplicidade de solicitudes determinará a escolarización do/a alumno/a conforme ao procedemento subsidiario regulado no Capítulo IV da Orde de 12 de marzo de 2013.

A solicitude de admisión de alumnado poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillos/as comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.



Nos demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a unha delas con carácter exclusivo, ou en situación de violencia de xénero.

Cómputo renda

Para a valoración da renda anual per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar na solicitude a cantidade que resulte da suma da base imponible xeral e da base imponible do aforro na declaración da renda conxunta, ou se é o caso, a que resulte da suma das declaracións individuais dos membros da unidade familiar.

A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas **435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible de aforro)** da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas IRPF (do ano 2019); cando non exista a obriga de presentar a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Esta cantidade dividirase entre o número de membros computables da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2021.

Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o Indicador público de renda de efectos múltiples (**IPREM**) anual correspondente ao ano 2019, que está fixado en **6.454,03 euros**.

Coa solicitude, deberá achegarse a seguinte documentación, recollida no punto 5 da Orde do 25 de xaneiro:

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta
- Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a.
- **Orixinal e copia** do convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.
- Os representantes legais deberán indicar se o alumnado presenta necesidades específicas de apoio educativo (achegando, se fose o caso, a documentación **orixinal e copia** que acredite as circunstancias alegadas).
- Só para 1º de bacharelato, certificación académica de 3º da ESO.

Cando a demanda de prazas escolares sexa superior á oferta, o centro abrirá un prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo de admisión, para achegar a documentación xustificativa dos criterios de baremo.

O alumnado e as familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes a través da aplicación informática “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) utilizando o código de solicitudes e o número de DNI da persoa solicitante.



A notificación electrónica, a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>) realizarase con respecto aos trámites e actos propios da competencia das xefaturas territoriais, sempre que a persoa elixira esta modalidade como medio de notificación preferente.

6.- CONSULTA AUTOMÁTICA DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar
- b) Domicilio FISCAL (non o certificado do padrón do Concello, que si deberá achegarse)
- c) Renda anual per cápita da unidade familiar
- d) Condición de familia numerosa
- e) Discapacidade do alumnado, do/da proxenitor/a, do/da titor/a ou dos/das irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos que acrediten calquera destas circunstancias.

IMPORTANTE:

1.- Cada alumna e alumno só pode presentar **unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar**, a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2.- O alumnado que estea cursando estudos nun centro e teña garantía de permanencia nel, de presentar solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

3.- O alumnado procedente dun centro adscrito que ten reservada praza neste centro, de presentar solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión, é dicir antes do 1 DE MARZO de 2021.



7.- PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS

Antes do 25 de abril, o centro publicará no seu taboleiro de anuncios a relación nominal de todo o alumnado admitido e non admitido por curso, por orde da puntuación total obtida.

As persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listaxes provisionais, coa puntuación desagregada dos criterios de baremo:

- **PRESENCIAL**: na Secretaría do Centro.
- **NON PRESENCIAL**: única e exclusivamente a través da aplicación admisionalum- nado empregando a Chave365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Mone- da e Timbre.

Poderase formular reclamación no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o presidente do Consello Escolar.

8.- PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS

Antes do 15 de maio, o centro publicará no seu taboleiro de anuncios as listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas, ordenadas segundo a puntuación total.

As persoas interesadas no procedemento de admisión poderán consultar as listaxes definitivas, coa puntuación desagregada dos criterios de baremo:

- **PRESENCIAL**: na Secretaría do Centro.
- **NON PRESENCIAL**: única e exclusivamente a través da aplicación admisionalum- lado empregando a Chave365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Mone- da e Timbre.

Contra a relación definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

9.- FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

Os prazos para a formalización da matrícula son:

Do 25 de xuño ao 10 de xullo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Prazo extraordinario **do 1 ao 10 de setembro** para o alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.



10.- NÚMERO DE PRAZAS QUE SE OFERTAN

ENSINANZA	CURSO	Nº PRAZAS
ESO	1º	29 (*)
ESO	2º	0
ESO	3º	0
ESO	4º	0
BACHARELATO	1º CIENCIAS	61
BACHARELATO	1º HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	4
BACHARELATO	2º CIENCIAS	13
BACHARELATO	2º HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	0

(*) Segundo o artigo 3 da orde do 12 de marzo de 2013, as direccións dos centros públicos porán a disposición das comisións de escolarización tres postos escolares por unidade para a escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Como temos 4 grupos de 1º da ESO o número de prazas sería **12**. As prazas non cubertas pola comisión de escolarización asignaranse segundo a orde da lista de admisión.

O aumento de prazas vacantes en 1º da ESO, en 1º de bacharelato, en 2º, 3º, 4º da ESO e en 2º de bacharelato dependerá dos resultados académicos ou dalgunha baixa.